


**VI CONGRESO GALEGO DE
COMUNIDADES DE MONTES**

RELATORIOS



ÍNDICE

1º RELATORIO *páxinas 3 a 19*

MONTE VECIÑAL: TITULARIDADE DA VECIÑANZA COMUNEIRA


- A. Defensa do monte veciñal
- B. Organización da veciñanza comuneira
- C. Dar a coñecer o monte veciñal

2º RELATORIO *páxinas 21 a 36*

POSTA EN VALOR DOS MONTES VECIÑAIS

- A. Intereses económicos alleos á veciñanza comuneira
- B. Usos do monte veciñal por terceir@s
- C. Monte veciñal multifuncional e sustentábel

ANEXOS *páxinas 37 a 40*



1º RELATORIO

MONTE VECIÑAL: TITULARIDADE DA VECIÑANZA COMUNEIRA

A. Defensa do monte veciñal

1. Orixe do monte veciñal 4
2. Intento de privatización e remunicipalización dos montes
veciñais 5
3. Recoñecemento da titularidade veciñal 8

B. Organización da veciñanza comuneira

1. O orgullo de ter a condición de veciñ@ comuneir@.....10
2. A xestión democrática das comunidades de montes.....11
3. Comuneiras.....11
4. Despoboamento do rural.....12
5. Traballar en alianza.....13
6. Mancomunidades de montes.....13

C. Dar a coñecer o monte veciñal

1. O monte veciñal e o ensino 15
2. Monte veciñal e sociedade galega 16
3. Monte veciñal e política 17



1 A) DEFENSA DO MONTE VECIÑAL

2 A-1) ORIXE DO MONTE VECIÑAL

3 A orixe da titularidade comunitaria que dará lugar aos montes veciñais en man
4 común como unha terra pertencente á veciñanza comuneira dun lugar, aldea
5 ou parroquia hai que situala no ano 411 (século V) coa chegada dos pobos
6 xermánicos, nomeadamente os suevos á Gallaecia, ocupada polo imperio
7 romano.

8 Roma recoñecía como forma de propiedade o dereito romano. Entendían que
9 tanto a terra como as edificacións pertencían sempre a particulares ou a
10 corporacións (concellos ou estados). E dicir, a entidades con personalidade
11 xurídica. Non concebían que sobre un ben houbera o dereito a unha
12 titularidade colectiva e clasificaban estes bens como particulares (si se posuía
13 por adquisición ou herdanza) e públicos (se eran destinados ao uso de todos
14 e todas). Aquelas cousas que non eran susceptíbeis de apropiación (ar
15 atmosférico, auga dos ríos e dos océanos) eran clasificados como comúns.

16 Os pobos xermánicos, organizados en tribus, recoñecían unha titularidade
17 colectiva sobre a terra. Xa que logo, a propiedade da terra era da tribu e a
18 titularidade dos membr@s que formaban parte dela ben fora por familia ou por
19 veciñanza. As persoas, como integrantes do colectivo e mentras pertencían
20 a tribu, tiñan dereito ao uso da terra como ben colectivo e de acordo cos
21 costumes. Así, só cesaba este dereito por morte, expulsión ou abandono
22 voluntario do colectivo tribal. E por iso que o dereito xermánico institucionalizou
23 o funcionamento tradicional dos usos dos recursos da terra dos antigos
24 Kallaikoi.

25 En Galiza e no norte de Portugal as terras comunitarias chegan aos nosos
26 días, aínda que mermados na súa orixinal extensión, como consecuencia da
27 defensa, reivindicación e resistencia d@s nos@s devanceir@s :

28 - No século XIX, tiveron que opoñerse as leis desamortizadoras do estado
29 español que pretendían poñer en venda as terras comunitarias co obxectivo de
30 que acabasen en mans da burguesía e poder sacarlle rendemento económico.
31 Non ocorre o mesmo no resto do Estado Español.

32 - Resistencia á dictadura franquista que usurpou as terras comunitarias en
33 favor dos concellos e das deputacións expulsando do monte aos séus lexítimos
34 propietarios que sufriron multas, pena de cárcere e mesmo asasinatos.

35 - No ano 1977 constitúese a Coordinadora de Montes de Pontevedra ,que tiña
36 como obxectivo a recuperación dos montes veciñais. Unha vez cumprido este
37 obxectivo esta Coordinadora desaparece.



1 - No ano 1989 por mor do proxecto da primeira Lei de montes veciñais en mán
2 común, a veciñanza comuneira volta a se organizar constituindo a
3 Coordinadora de montes de Galicia. Outra vez máis, unha vez cumprido o
4 obxectivo (mellorar o texto da lei de montes veciñais), disolveuse.

5 - Coa creación da ORGACCMM (Organización Galega de Comunidades de
6 Montes) no ano 1999, a veciñanza comuneira supera a eiva de ser quén de
7 erguerse ante un problema concreto pero non de organizarse dunha forma
8 estábel. Esta organización supón unha ferramenta chave e indispensábel para
9 a defensa, resistencia e reivindicación do monte veciñal en man común neste
10 século XXI.

11 A titularidade pública e a titularidade comunitaria non son o mesmo. Mentres a
12 primeira pertence a unha administración e pode ser vendida, a titularidade
13 comunitaria pertence a veciñanza comuneira, non entedida como ente
14 administrativo, senón como grupo social e non se pode vender.

15 Os montes veciñais en mán común non son nin titularidades públicas, nin
16 titularidades privadas, nen titularidades comunais. Son titularidades
17 comunitarias: Conforman unha titularidade de carácter xermánico, carecen de
18 personalidade xurídica e están fóra do tráfico do comercio. Son outra forma de
19 posuir que temos os galegos e as galegas .

20 **A-2) INTENTO DE PRIVATIZACIÓN E REMUNICIPALIZACIÓN DOS MONTES** 21 **VECIÑAIS**

22 Intereses capitalistas, especulativos e urbanísticos non admiten estas terras
23 comunitarias que están fóra do tráfico do comercio e xa que logo, fóra dos seus
24 negocios especulativos-lucrativos. E moito menos admiten que estas terras
25 están xestionadas democráticamente pola veciñanza comuneira.

26 Por iso, o obxectivo destes intereses, dende fai moito tempo, é a privatización
27 dos montes veciñais en mán común. Neste delirio, achácanlle todos os
28 problemas á existencia deste tipo de titularidade (mesmo a dos lumes forestais)
29 ou argumentan calquera mentira (hai que privatizar os montes veciñais porque
30 é unha cousa antiga, cando a realidade é que mais antiga e a propiedade
31 privada).

32 Este ideario liberal precisa do apoio político para ser levado a cabo. Xa que
33 logo, este intento de privatización dos montes veciñais en mán común está
34 amparado polo partido que goberna a Xunta de Galiza, o Partido Popular.

35 Esta planificación consta de dúas fases: A primeira consiste en privatizar a
36 xestión dos montes veciñais; A segunda consiste en privatizar a titularidade
37 comunitaria ou en remunicipalizar como paso previo a súa privatización. E



1 como constante nas dúas fases está poñer impedimentos burocráticos,
2 administrativos e legislativos para que a veciñanza comuneira poida xestionar a
3 súas terras co fin de que se aburran e as entreguen as empresas forestais
4 privadas.

5 A-2-1 PRIVATIZAR A XESTIÓN

6 Nestes momentos estamos na primeira fase (privatizar a xestión dos montes
7 veciñais en favor das empresas forestais privadas). Esta fase tería que estar
8 culminada no ano 2016, mais a resistencia das comunidades de montes
9 veciñais enmán común, organizadas na Organización Galega de comunidades
10 de montes (ORGACCMM), teno impedido de momento. Son moitas as
11 cuestións que avalan este intento:

12 As comunidades de montes con falsas e inxustas débedas nos consorcios ou
13 nos convenios, en Xuño de 2021, se non as pagan, teñen que entregar a
14 xestión dos seus montes veciñais a unha empresa forestal privada. De non
15 facelo serán castigadas a non poder recibir ningún tipo de axudas públicas ou
16 privadas. E dicir, poñer trabas para que a veciñanza comuneira poida
17 xestionalos. Que este é o principal obxectivo da Consellaría do medio rural
18 atopámolo no feito de que agora négase a rescindir os consorcios e os
19 convenios nos que aquelas comunidades de montes paguen as débedas,
20 alegando que tamén teñen que elaborar un plano de xestión. Trámite, que por
21 lei, tiña que telo feito a Administración.

22 As comunidades de montes veciñais enmán común están obrigadas a investir
23 o 40% de todos os seus ingresos (incluídas as cuantías das subvencións) na
24 mellora forestal do monte. Mais non como decida a veciñanza comuneira
25 senón como decida a Administración forestal. Se unha comunidade de montes
26 decide en asemblea xeral unha posta en valor do monte que non estea
27 contemplada no seu plano de ordenación este investimento entrará no
28 porcentaxe do 40% se o considera a Administración forestal. Todo isto,
29 agravado, porque se non se inviste o 40% non se pode ser beneficiario de
30 axudas públicas ou privadas. Algo que non ocorre coa empresa privada:

31 ¿Qué pasaría neste país se un goberno promulga unha lei mediante a cal as
32 empresas Citroen e Zara teñan que investir o 40% de todos os seus ingresos
33 na construción de vivendas para entregarllas de balde a aquelas persoas que
34 gañan menos de 800 euros o mes?

35 No caso das subvencións que teñen que ingresar no montante de todos os
36 ingresos do monte, é mesmo unha ilegalidade xa que as cuantías das
37 subvencións son finalistas, isto é, teñen que ser investidas na acción para a
38 que foi concedida. Pero e que ademáis impide que a veciñanza comuneira
39 decida como poñer en valor os seus montes veciñais. Poñamos un exemplo:
40 Imaxinenos un monte veciñal que ten uns ingresos anuais de 100 euros. De
41 estes 100 euros, 80 euros proveñen de unha subvención para por en valor un
42 castro e os restantes 20 euros proveñen de unha corta de madeira. Se a
43 comunidade de montes pon o castro en valor terá que investir os 80 euros da



1 subvención, quedándolle 20 euros para cumprir a lei dos investimentos
2 obrigado. Mais 20 euros non son o 40% de todos os ingresos do monte, polo
3 tanto, incumplirá a lei e, xa que logo, non poderá ser beneficiario de axudas
4 públicas ou privadas.

5 Áchase, de facto, un intervencionismo atroz por parte da Consellería de Medio
6 Rural para impedir que a veciñanza comuneira sexa a protagonista da decisión,
7 xestión e da posta en valor dos seus montes veciñais.

8 A-2-2 PRIVATIZAR AS TERRAS

9 A segunda fase de esa planificación é privatizar as terras comunitarias ou
10 remunicipalizalas como paso previo a súa privatización. En todo este intento de
11 privatizar os montes veciñais enmán común aparece, como cuestión chave,
12 eliminar o carácter xermánico de titularidade veciñal: xa que eliminado este, os
13 montes veciñais enmán común, pasan a ter carácter romano e xa que logo,
14 entrarán no tráfico do comercio podendo ser vendidos e mercados. Esta fase
15 xa comenzou e terá dous eixos: dotar as comunidades de montes de
16 personalidade xurídica e converter as titularidades comunitarias en titularidades
17 públicas.

18 Nas directrices aprobadas para a revisión do Plano Forestal de Galiza, que se
19 aprobará este ano no Parlamento Galego, pretenden dotar as
20 Mancomunidades de montes de personalidade xurídica. As mancomunidades
21 de montes son a unión das comunidades de montes dun territorio concreto.
22 Para que as comunidades de montes (entidades sen personalidade xurídica)
23 formen parte dunha Mancomunidad de montes con personalidade xurídica
24 non quedará outra que dotar as comunidades de montes de personalidade
25 xurídica. E dicir, tentan eliminar o dereito de carácter xermánico da titularidade
26 comunitaria en prol do dereito romano.

27 O outro chanzo atopámolo nun documento extraoficial para a modificación da
28 lei de montes veciñais enmán común. Nesta modificación plásmase que
29 aqueles montes veciñais enmán común que a Consellaría do Medio Rural
30 decláreos en estado de grave abandono, perderán o carácter de titularidade
31 xermánica para converterse en titularidades de carácter público. Propón, tal e
32 como fixo a dictadura franquista, a usurpación dos montes veciñais enmán
33 común á veciñanza comuneira para entregarllos as distintas administracións
34 públicas.

35 Este intento de remunicipalizar as terras comunitarias como paso previo a súa
36 privatización xa acontece na recente sentenza do caso da veciñanza
37 comuneira de Noalla (Sanxenxo-Pontevedra) dictada polo Xurado Provincial de
38 clasificación de montes veciñais enmán común da provincia de Pontevedra:

39 O Monte de A Lanzada, No ano 1989 foi clasificado como monte veciñal en
40 máncomún; No ano 2004, o Xuzgado do contencioso-administrativo de
41 Pontevedra anula esta clasificación do monte en base a unha reclamación do



1 Concello de O Grove que tiña como argumentos un erro de procedemento e o
2 carácter demanial do monte. Iníciase de novo o expediente de clasificación do
3 monte veciñal, e o Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en
4mán común de Pontevedra, con data de 14/6/2017, dicta non clasificar o monte
5 de A Lanzada como de veciñal en máncomún. Baséase no informe que emite o
6 Servizo de Montes de Pontevedra no que recomenda a non clasificación do
7 monte de A Lanzada como monte veciñal en man común alegando que está
8 nun espazo natural protexido (valora máis unha clasificación de usos do terreo
9 que o dereito a titularidade), que os usos actuáis do monte (turismo
10 ,sendeirismo, observación da natureza, campo de fútbol...) non son usos
11 tradicionais do monte veciñal cando son usos recoñecidos nas distintas
12 lexislacións sobre o monte veciñal.

13 Así, o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais dá por válido o
14 feito de que o monte de A Lanzada está inscrito no rexistro das titularidades do
15 concello cando, a lei de montes veciñais dí claramente que isto non pode ser
16 un impedimento para a clasificación dun monte como veciñal en máncomún
17 dado o seu carácter de imprescritibilidade.

18 A Xunta de Galiza, coa recente modificación da Lei do solo de Galiza 2/2016 do
19 10 de febreiro, crea unha nova vía contra o monte veciñal. Así, o artigo 129,
20 indica que a obtención das terras para os sistemas xerais e locais pode
21 executarse por expropiación forzosa, por convenio entre a Administración e o
22 propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio do concello. Esta
23 lei dista moito de ser plenamente democrática, xa que impide que as
24 comunidades de montes respectivas decidan sobre unhas terras que son
25 lexítimamente súas, producíndose, de facto, unha usurpación encuberta para
26 remunicipalizar as terras comunitarias e darlle a xestión a terceiros.

27 Hoxe, máis que nunca, a veciñanza comuneira para defender o monte veciñal
28 en man común, o poder de decisións da veciñanza comuneira e a posta en
29 valor ten que poñer en primeiro plano a defensa do monte veciñal como unha
30 titularidade comunitaria.

31 **A-3) RECOÑECIMENTO DA TITULARIDADE VECIÑAL**

32 A pesares que os montes veciñais en máncomún son unha titularidade distitnta
33 á pública e á privada non está recoñecida como tal. Tanto nas lexislacións do
34 Estado Español como nas galegas, estas titularidades comunitarias, están
35 asimiladas as titularidades de carácter privado.

36 Esta catalogación da propia Consellaria do Medio Rural usaa de xeito
37 intencionadamente sesgado e sempre en contra dos intereses da veciñanza
38 comuneira, así:

39 As comunidades de montes que teñen as súas terras comunitarias
40 consorcidadas ou conveniadas teñen a obriga de pagar as falsas e inxustas



1 débedas senón serán castigadas a non poder recibir ningún tipo da axuda
2 pública. Agora ben, se ese mesmo monte veciñal entrá a formar parte dunha
3 Sociedade de Fomento Forestal (SOFOR), que ven sendo unha agrupación de
4 montes xestionados por unha empresa forestal privada, estas débedas
5 desaparecen.

6 De igual xeito, a obriga que por lei teñen as comunidades de montes veciñais
7 enmán común de investir o 40% de todos os seus ingresos na mellora forestal
8 do monte tamén desaparece oa integrarse nunha SOFOR. A estas SOFOR se
9 lle permite o investimento no monte como estime oportuno.

10 Tampouco somos considerados como suxeitos pasivos no Imposto sobre
11 Sociedades, tal e como se fosemos meras empresas mercantís. Mais ao
12 contrario que estas, non podemos deducir cuota por conceptos como
13 adquisicións de terras, continxencias xerais ...

14 Xa que logo, segundo a propia filosofía da Consellería do Medio Rural, de
15 considerar os montes veciñais enmán común como titularidades privadas, os
16 criterios son distintos e o trato non é igualitario, creando agravios comparativos
17 para unha comunidade de montes ante unha titularidade de carácter privado.

18 A consellería do medio rural, por lei e de xeito unilateral, pode declarar a un
19 monte veciñal enmán común en estado de grave abandono; e unha vez
20 declarado, pode entregarlle a xestión do mesmo ao mellor postor.
21 Xa que logo, actúa cando lle interesa como se os montes veciñais enmán
22 común fosen titularidades públicas cando tampouco o son.

23 Recoñecer aos montes veciñais enmán común como unha titularidade distinta
24 e en pé de igualdade coas titularidades públicas e privadas, é recoñecer unha
25 realidade que existe na nosa nación. Esta realidade ten que ser plasmada nos
26 textos lexislativos: na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía.

27 O recoñecemento xurídico-lexislativo da titularidade comunitaria son a mellor
28 garantía contra os contínuos intentos de remunicipalización e privatización dos
29 montes veciñais en man común.



1 B) ORGANIZACIÓN DA VECIÑANZA COMUNEIRA

2 B-1) O ORGULLO DE TER A CONDICIÓN DE VECIÑ@ COMUNEIR@

3 En boa medida, a supervivencia dos montes veciñais en mán común como
4 titularidades de carácter comunitario dependen da actitude da veciñanza
5 comuneira, que son os únicos e lexítimos titulares destas terras. A primeira
6 actitude é a de sentirse orgullos@s de ter esta condición e de ser titulares
7 dunhas terras de grande valor social, medioambiental, económico cultural que
8 son xestionadas democráticamente.

9 A primeira medida a tomar para sentirse veciñ@ comuneir@ é recuperar a
10 relación histórica monte-veciñanza comuneira que sempre existiu e permitiu
11 que estas terras comunitarias chegasen ate os nosos días podendo vivir a
12 carón do monte veciñal e non de costas a él. Esta relación foi rachada polo
13 réxime franquista coa usurpación dos montes veciñais á veciñanza comuneira
14 en favor dos concellos e das deputacións. Esta rotura fíxose especialmente
15 notoria a partir dos anos 50 do século pasado coa expulsión da veciñanza do
16 monte para facer as repoboacións forestais.

17 Se ben é certo que a maioría dos montes veciñais foron recuperados pola
18 veciñanza comuneira nos anos 80 do século pasado, moitos montes, mediante
19 as figuras dos consorcios e convenios, eran xestionados pola Administración
20 Galega até o século actual. Este longo período xerou un pouso negativo que
21 hai que superar paseniñamente.

22 O segundo chanzo é crear novas relacións monte-veciñanza comuneira
23 adaptadas a actualidade e a realidade de cada comunidade de montes,
24 promocionando e facilitando a participación directa da veciñanza comuneira
25 nas diversas actividades que se realicen. Xa que logo, non ten porqué ser a
26 mesma en todas as comunidades de montes: Así, en algunhas pode ser a
27 xeración de postos de traballo, festas da veciñanza comuneira, máis en outras
28 pode ser o reparto de certos aproveitamentos do monte (leña, mel,
29 cogomelos...), a celebración das festas populares, certos traballos
30 comunitarios anualmente ...

31 Sentir o orgullo de ter a condición de veciñ@ comuneir@, acadar a relación
32 monte-veciñanza traen consigo que a xestión, participación e a decisión de
33 como por en valor os montes veciñais recaia sobre a veciñanza comuneira.
34 Sendo esta unha das mellores formas para defender o monte veciñal. Se a
35 veciñanza comuneira nos convertimos en socios dunha sociedade que se
36 reúne a fin de ano para repartir os dividendos que lle dá a empresa forestal
37 privada que xestiona as súas terras, estaremos poñendo os primeiros chanzos
38 para que o monte veciñal en mán común desapareza. Estaremos voltando a
39 rachar a relación monte-veciñanza.



1 **B-2) A XESTIÓN DEMOCRÁTICA DAS COMUNIDADES DE MONTES**

2 O sistema de funcionamento assembleario das comunidades de montes é un
3 sistema democrático baseado na democracia de base, nomeadamente
4 democracia popular. Ríxese por uns principios democráticos e participativos:
5 Esixencia dun quórum para que os acordos assemblearios sexan válidos;
6 fiscalización das contas pola asemblea; capacidade decisoria total da asemblea
7 xeral na toma de acordos; posibilidade de revocar ás xuntas reitoras antes de
8 que remate o seu mandato estatutario.

9 Máis isto non significa que o sistema non teña eivas. Pode e débese mellorar o
10 funcionamento das comunidades de montes revisando e adaptando os textos
11 legislativos referentes ao monte veciñal enmán común nos que existen
12 conceptos que dan lugar a posíbeis erros de interpretación:

13 A frase “comuneiro/a é un representante de casa con fume“. Casa con fume é
14 unha reminiscencia histórica que o único que ven a decir é que nesa casa vive
15 xente. Nomeadamente, a día de hoxe, hai veciñanza comuneira que vive en
16 vivendas colectivas como os edificios.

17 Termos como “comuneiro é o cabeza de familia de maior idade” fican obsoletos
18 e non axudan na procura da participación da mocidade impedindo, de facto,
19 que un fill@ poida ser o comuneir@ titular.

20 Debemos tamén actualizar e diferenciar os conceptos:

21 **Comuneir@ titular** é toda aquela persoa que resida na parroquia, sexa maior
22 de idade, con economía independente e que solicite ser comuneir@ e sexa
23 aceptado pola asemblea xeral. Correspóndelle un só comuneir@ titular a cada
24 economía independente e ostentan o dereito de voz e voto nas asembleas.

25 Isto significa que, nunha mesma casa onde vivan avó, pai e neto podería
26 haber 3 comuneir@s titulares si se cumpren as condicións.

27 **Comuneir@s** son todas as persoas residentes na parroquia que formen parte
28 da economía independente do comuneir@ titular. Posúen dereito de asistencia
29 e voz nas asembleas, exceptuando aquelas comunidades de montes que por
30 ter un elevado número de comuneir@s titulares non sexa funcional nin
31 operativo a asistencia de máis persoas as asembleas.

32 **B-3) COMUNEIRAS**

33 Este novo concepto de comuneir@ xunto á eliminación de termos como
34 “cabeza de familia” axuda a correxir unha das eivas importantes que teñen as
35 comunidades de montes: a ausencia e participación da muller e da mocidade
36 nas mesmas e nos seus órganos de goberno.

37 As propias comunidades de montes e mancomunidades deben ser parte activa
38 na corrección desta eiva. Xa que logo, creando novas actividades ou
39 impulsando e promocionando que nas propias actividades que xa se realizan
40 haxa protagonismo feminino, ben sexa como oradoras, organizadoras,
41 participantes ...



- 1 Recoñecendo que este problema non se debe tanto derivado das lexislacións,
2 senón pola realidade social na que vivimos e tamén pola falla de atención a
3 este tema das propias comunidades de montes, é preciso traballar neste eido
4 para acadar o obxectivo de ter maior presenza feminina no ámbito das
5 comunidades de montes. Incentivando, mesmo se é preciso, a aplicación dos
6 principios da discriminación positiva.
- 7 Debemos pois, como organizacións que forman parte da sociedade, demandar
8 das administracións unha campaña informativa e divulgativa en prol do
9 importante papel da muller no eido social e rural en xeral, e no eido das
10 comunidades de montes en particular.

11 **B-4) DESPOBOAMENTO DO RURAL**

12 Un dos problemas graves para un funcionamento adecuado, e mesmo
13 para existencia das comunidades de montes é a falla de veciñ@s debido a
14 despoboación do medio rural. Danse dous casos diferenciados:

15 O despoboamento do medio rural do País onde practicamente en algúns
16 lugares xa non queda poboación. A alternativa pasa porque a Consellaría do
17 Medio Rural ou mancomunidades de montes ou comunidades de montes
18 veciñas, xestionen cauteladamente estes montes veciñais. No momento en que
19 ese lugar, aldea ou parroquia volte estar habitada, a xestión voltará aos
20 veciñ@s comuneir@s desa nova comunidade de montes.

21 O despoboamento periurbán e do semi-rural (perto das cidades), onde por
22 razóns laboráis e mesmo de servizos hai persoas que viven toda a semana na
23 cidade e os fins de semana voltan a aldea. A alternativa pasa pola creación
24 dunha figura que poderíamos chamar comuneir@ discontinu@. Débese ter en
25 conta que non sería un dereito para sempre: acadaríase e perderíase na
26 assemblea xeral da comunidade de montes para o cal esixírase un quórum dos
27 ¾, poidendo ser expulsado por maioría simple; somentes se podería dar
28 naquelas comunidades de montes que contemplan nos seus Estatutos a
29 prohibición do reparto individual dos ingresos do monte veciñal; este tipo de
30 veciñ@s comuneir@s non poderían superar o 15% do número total de
31 veciñ@s comuneir@s da comunidade de montes nin poderían formar parte da
32 Xunta reitora.



1 **B-5) TRABALLAR EN ALIANZA**

2 Os montes veciñais enmán común forman parte do medio rural e somentes
3 terán futuro nun medio rural vivo. E dicir, nun medio rural con populacións
4 adicadas as diversas actividades e con infraestructuras e servizos que fagan
5 aceptabel a vida no rural. De ahí que sexa necesario traballar conxuntamente
6 con aquelas organizacións ou entidades que viven, traballan ou xestionan o
7 medio rural.

8 En Abril do 2012, catro destas organizacións (Adega, Cig, Fruga e Orgaccmm)
9 constituiron a **Alianza por un medio rural galego vivo**: unha alianza aberta á
10 outras organizacións que viven, traballan ou xestionan o medio rural. A pesares
11 de non haber novas incorporacións estábeis, ante algúns problemas concretos
12 (respostas as directrices para a revisión do plano forestal de Galiza, loita contra
13 as falsas e inxustas débedas dos consorcios e dos convenios, problema da
14 desordenación das plantacións de eucaliptus), a Alianza por un medio rural
15 galego vivo foi quen de integrar a 10 organizacións e entidades do medio rural.
16 Compre seguir traballando para acadar a integración dos diversos colectivos do
17 medio rural como reflexo da súa diversidade.

18 Independentemente da actividade da Alianza, o feito da súa constitución
19 supuxo a primeira vez que sectores con diferentes visións que parecían
20 inimigos irreconciliabeis (movemento ecoloxista e titulares dos montes), foron
21 quen de sentarse e chegar a acordos. Para as comunidades de montes
22 veciñais enmán común este é un feito moi importante xa que racha con unha
23 lousa que mais que real era por falla de coñecementos. Dende a nosa
24 organización debemos traballar para que a Alianza por un medio rural galego
25 vivo sexa estábel e fortalézase. Compre ser xeneros@s e tentar a busca de
26 consenso e acordos tendo presente sempre os principios irrenunciábeis da
27 nosa organización: defensa da titularidade veciñal como diferentes as públicas
28 e privadas e que a veciñanza comuneira é a única e lexítima titular destas
29 terras comunitarias.

30 A defensa do monte veciñal tamén é unha cuestión de carácter internacional.
31 Así, dende fai 10 anos, mantemos unha relación fraternal coa Federação
32 Nacional dos Baldios Portugues. Unha simple relación de presenzas e
33 participacións en xornadas, conferencias e congresos. Acadar unha alianza
34 estábel c@s compartes portugues@s debe ser un obxectivo.

35 **B-6) MANCOMUNIDADES DE MONTES**

36 Defender que os únicos que teñen a capacidade de decidir sobor os seus
37 montes veciñais é a veciñanza comuneira non está en contradición co feito de
38 que as comunidades de montes debemos traballar conxuntamente. Xa que
39 logo, a parte de ser unha boa forma de defender o monte veciñal ante os
40 ataques de terceiros, hai postas en valor dos montes veciñais que, ou se fan
41 mais aló das fronteiras do monte veciñal concreto, ou non se poden facer:



1 aproveitamentos gandeiros, de biomasa forestal residual, de posta en valor do
2 restos patrimoniais, a lonxa de madeira e de productos do monte, instalación
3 de aserradeiros móbiles ...

4 Do mesmo xeito, pódense mancomunar servizos a través da compra en común
5 de maquinaria que, en moitos casos, sería inviábel economicamente para unha
6 comunidade.

7 Neste eido, a figura clave son as mancomunidades de comunidades de
8 montes. É preciso fortalecelas e impulsar a constitución de novas
9 mancomunidades de comunidades de montes. Para que o funcionamento das

10 mancomunidades de comunidades de montes non padeza atrancos compre ter
11 en conta dúas cuestións: aparcas os temas que poden xerar conflitos e
12 afianzarse nos temas que as unan. Sempre tendo presente que o seu
13 funcionamento debe basearse no réxime de maiorías respetando as opinións
14 minoritarias.



1 C) DAR A COÑECER O MONTE VECIÑAL

2 C-1) O MONTE VECIÑAL E O ENSINO

3 Probábelmente sexan @s nen@s en idade escolar, incluso nas zonas rurais,
4 @s que mais descoñecen a existencia do monte veciñal en mán común. Isto
5 débese, entre outras cousas, a que o monte veciñal non forma parte do
6 currículo escolar de calquera das categorías do sistema escolar. Debemos ter e
7 conta que a mocidade de hoxe, serán os veciñ@s comuneir@s de mañá e, xa
8 que logo, dos que dependerá a supervivencia dos montes veciñais.

9 O currículo escolar non debe quedarse só no que son os montes veciñais e nas
10 funcións que cumpren. Debe cumprimentarse co funcionamento democrático
11 das comunidades de montes xa que, estamos a falar dun modelo de educación
12 social onde a ética, a liberdade, a xustiza e a irmandade sexan esenciais para
13 o crecemento como persoas. Estaremos afondando nas estruturas horizontais
14 con procesos en común onde tod@s aprendemos, ensinamos, organizámonos,
15 participamos, convivimos acadando responsabilidade individual e colectiva.

16 Moitas comunidades de montes en colaboración cos centros de ensino, sobre
17 todo na educación primaria, fan diversas actividades relacionadas co monte
18 veciñal demasiado centradas no aspecto forestal do monte (coñecer o distinto
19 arborado, plantación de árbores, colocación de niños ..) E preciso dar un paso
20 mais nestas actividades e incluír o funcionamento e a gobernanza das
21 comunidades de montes. Unha forma pode ser converter a clase nunha
22 asemblea xeral dunha comunidade de montes e levar adiante a xestión do
23 monte veciñal. No ensino secundario, de bachelato e de formación
24 profesional debemos promocionar o intercambio de escolares: algo así como
25 un “Erasmus do monte veciñal”. A creación de Unidades Didácticas con estes
26 prantexamentos e onde se inclúan visitas ao monte, propostas de uso e análise
27 da xestión e dos valores, faise imprescindible.

28 Hai que ter moi presente que as comunidades de montes son multidisciplinares
29 dende o punto de vista académico:

- 30 - Matemáticas: medición e cálculo de superficies, distancias, cubicación,...
- 31 - Lingua: nomes das diversas especies (latín, galego, castelán), toponimia,...
- 32 - Historia: arqueoloxía, etnografía, acontecementos,...
- 33 - Xeografía: interpretación de planos, xeoloxía, relevo,...
- 34 - Bioloxía: flora, fauna, biodiversidade,...

35 Por todo isto, é necesario reivindicar da Administración Pública Galega que nos
36 currículos escolares apareza o que son os montes veciñais, cales son as
37 funcións que cumpren e como é o seu funcionamento. Deste xeito, estaríamos
38 mesturando coñecemento académico con coñecemento popular que daría
39 como resultado unha escola creativa. No medio rural estímúlase aos alumn@s



- 1 con falsas expectativas hacia o urbano. Do outro xeito estaríase visualizando
- 2 oportunidades productivas, organizativas e potenciadoras do local.
- 3 Estaríase sementando redes solidarias de progreso social e económico
- 4 baseados en proxectos cooperativos. Estaríamos poñendo o noso grao de área
- 5 para evitar o despoboamento do medio rural.

- 6 Para acadar este obxectivo temos que superar a falla de traballo colaborativo
- 7 coas Anpas e traballar en alianza coa Confederación Galega de Anpas e os
- 8 centros de ensino, sobre todo no medio rural.

9 **C-2) MONTE VECIÑAL E SOCIEDADE GALEGA**

10 Os montes veciñais enmán común deben ser espazos abertos nos cales, as
11 funcións sociais e medioambientais que deben cumprir a beneficiaria debe ser
12 a sociedade galega no seu conxunto.

13 Este concepto de montes veciñais como espazos abertos non significa que o
14 monte sexa público e que poidase facer o que se queira sen contar coa
15 autorización d@s seus/súas titulares. Esta problemática ocorre, na meirande
16 parte dos casos, con persoas que non ostentan a condición de veciñ@
17 comuneir@ e, curiosamente, cando esta parte da sociedade galega realiza
18 algún tipo de actividade en espazos públicos (praias, zonas verdes.....)
19 solicitan a correspondente autorización á administración pública titular dos
20 mesmos.

21 Compre facer pedagogía. Amosarlle á sociedade galega que non ostenta a
22 condición de veciñ@ comuneir@ que pode facer uso do monte veciñal pero
23 este uso ten que ser autorizado pola comunidade de montes titular da terra.
24 Compre que a titularidade comunitaria sexa respetada. E os primeiros que
25 temos que facela respetar somos os veciñ@s comuneir@s incluso, en algúns
26 casos, sendo intransixentes. A xestión do monte veciñal correspóndelle única e
27 exclusivamente a veciñanza comuneira e temos o dereito a equivocarnos.

28 Lamentábelmente o descoñecemento do monte veciñal na sociedade é grande.
29 Incluso en sectores que parecen mais achegados a entendela (certas
30 entidades ecoloxistas, novas formas de traballo cooperativo, movementos
31 sociais avanzados....). Dá mágoa escoitar algunhas das súas propostas para
32 xestionar os montes: Falan de que teñen que estar xestionados por
33 enxeñeir@s de montes e forestais, por sociólog@s, por economistas, por
34 medioambientalistas.... mais nada falan dos titulares das terras aos que incluso
35 califican como veciñanza ignorante. Este posicionamento xa sexa consciente
36 ou inconsciente descoñecemento denomínase nepotismo ilustrado. Convértese,
37 de facto, nun ataque directo ao monte veciñal, a veciñanza comuneira e a
38 sociedade galega xa que logo, é algo que a veciñanza comuneira temos que
39 combater.



1 Os sectores relacionados cos montes veciñais (agrarios, medioambientais,
2 profesionais, usuarios, universidades...) deben participar no deseño da política
3 de montes acaída que debe obedecer en primeiro lugar as demandas da
4 veciñanza comuneira e en segundo lugar as demandas das maiorías sociais da
5 nosa nación. Mais, unha vez deseñada esta política de montes, os únicos que
6 teñen a capacidade para decidir como teñan que por en valor as súas terras
7 comunitarias son a veciñanza comuneira.

8 E certo que aínda hoxe, o monte veciñal enmán común e un dos grandes
9 descoñecidos da sociedade galega. Comezando pola Real Academia Galega
10 que, no seu dicionario, a propia palabra “comuneira, comuneiro” non ten a
11 acepción de persoa pertencente á unha comunidade de montes veciñal en man
12 común.

13 A nivel mediático sobre as comunidades de montes o habitual eran as novas
14 sobre lumes forestais, liortas entre comunidades de montes ou nas
15 comunidades de montes. A día de hoxe grazas ao traballo da veciñanza
16 comuneira e da ORGACCMM tamén agroman informacións sobre posta en
17 valor dos montes veciñais, respostas das comunidades de montes a diversas
18 lexislacións,... Con todo este traballo conseguíuse tamén que representantes
19 de comunidades de montes veciñais enmán común participen como relator@s
20 en xornadas sobre o monte veciñal organizadas por entidades de diversa
21 índole (culturais, medioambientais, universidades, partidos políticos...)

22 Actualmente existen diversas ferramentas de participación social na vida
23 comunitaria, complementaria á propia xestión do monte veciñal, que
24 enriquecen as funcións do monte, achega o monte a comuneir@s e sociedade
25 en xeral a espallar os obxectivos da titularidade comunitaria. Estes son os
26 convenios sobre actividades non obxectivos na produtividade do monte.
27 Pódense materializar a través de acordos concretos ou custodia do territorio.

28 **C-3) MONTE VECIÑAL E POLÍTICA**

29 Agás as cuestións relacionadas coa gobernanza das comunidades de montes
30 veciñais enmán común, no que a súa mellora está nas propias mans das
31 comunidades de montes, as outras cuestións para defender o monte veciñal e
32 para poder poñelo en valor de xeito multifuncional e sustentábel son de índole
33 política. Podemos comprobar neste relatorio que todos os ataques ao monte
34 veciñal e todas as pégas postas para que a veciñanza comuneira xestione
35 democráticamente as súas terras comunitarias saen do aparello normativo
36 (leises, decretos, órdes, subvencións,...)

37 Todo este aparello normativo ven derivado ou do Parlamento Galego ou do
38 goberno galego. E no sistema democrático que temos, a composición do
39 Parlamento Galego e a formación do goberno galego, son consecuencia dos
40 resultados electorais. Xa que logo, a veciñanza comuneira, na defensa das



1 nosas terras comunitarias, temos que actuar en política. Non na política
2 partidaria (isto é unha decisión individual), senón na política no seu termo
3 completo. E dicir, na reivindicación dunha política de montes acaída os
4 intereses da veciñanza comuneira. Xa que logo, no momento de exercer o
5 dereito de votación, a veciñanza comuneira, deberíamos tamén valorar a teoría
6 e a práctica política dos diversos partidos políticos ao respecto do monte
7 veciñal.

8 Un reflexo claro do descoñecemento do monte veciñal na sociedade galega ,
9 foi a ausencia do monte veciñal nos case 40 anos que no Estado Español leva
10 instaurado o sistema democrático e nos programas electorais dos diversos
11 partidos políticos, o monte veciñal, non existía a pesares de que a
12 ORGACMM sempre remitiu a todas as organizacións as nosas
13 reivindicacións. Como moito, aparecían consignas xerais e inconcretas: por
14 unha política forestal racional, acabemos cos lumes forestais, potenciaremos a
15 plantación de frondosas,

16 Esta situación negativa trocou nas eleccións ao Parlamento de Galiza do ano
17 pasado. No programa electoral do BNG aparecían reivindicacións concretas
18 para a defensa e a posta en valor dos montes veciñais: “recoñecemento da
19 titularidade veciñal como distinta das titularidades públicas e privadas”,
20 “fiscalidade axeitada a figura e as funcións dos montes veciñais enmán
21 común”, “selo de certificación público e galego”, “recuperar as liñas de axudas
22 para acadar un monte multifuncional”,...

23 Que o monte veciñal estexa presente nun programa electoral dun partido
24 político é consecuencia da existencia da organización das comunidades de
25 montes e do traballo na área política do Parlamento Galego coas ferramentas
26 que nos permite a lexislación vixente. Este troco é tremendamente positivo
27 mais é insuficiente. Hai que conquistar que a problemática e as reivindicacións
28 do monte veciñal estén contempladas en todos os programas electorais de
29 todos os partidos políticos de Galiza.


30 O monte veciñal enmán común é un tipo de titularidade que no Estado Español
31 somentes existe no noso país. E no contexto europeo somentes existen en
32 Portugal i en Galiza. Xa que logo, moitas das reivindicacións da veciñanza
33 comuneira están limitadas coas competencias que teña Galiza, ou sexa, están
34 relacionadas coa capacidade de decidir que teña o noso país. No sistema
35 político actual que temos é imposible o recoñecemento da titularidade veciñal
36 como distinta a privada e a pública, o logro dunha fiscalidade axeitada, e
37 mesmo a creación dunha lonxa de madeira. Isto é así porque Galiza carece de
38 competencia nestes eidos.

39 Para ollar a necesidade que ten a veciñanza comuneira de que Galiza teña
40 plenas competencias en todos os eidos non fai falla ir os grandes temas.
41 Tamén afecta nas cuestións cotidiáns. Así, dende o ano 1993, coa realización
42 do deslinde marítimo-terrestre (competencia do Estado Central) non se
43 declaran como montes veciñais enmán común os situados dentro deste



1 deslinde. Mesmo se están eliminando a declaración como montes veciñais en
2mán común (o caso do monte veciñal de A Lanzada da comunidade de montes
3de Noalla e un exemplo paradigmático). A razón para non declaralos como
4montes veciñais é que a Lei de Costas (competencia do Estado Central), non
5permite que dentro da demarcación marítimo-terrestre existan titularidades
6privadas e, para o Goberno Central e para a Xunta de Galiza, os montes
7veciñais en máñ común son titularidades de carácter privado.

8 Fica claro que este problema non existirá se Galiza tivese a capacidade de
9decidir e así recoñocer que o monte veciñal é unha titularidade comunitaria
10distinta as titularidades públicas e privadas. Podendo, deste xeito, declarar
11montes veciñais en máñ común dentro da demarcación marítimo-terreste.



2º RELATORIO

POSTA EN VALOR DOS MONTES VECIÑAIS

A. Intereses económicos alleos á veciñanza comuneira

1. Monocultivo forestal	22
2. Megaminería	22
3. Modelo depredador	23
4. Lumes forestais	24
5. Eucalipto: ¿erradicación ou ordenación?	26
6. Acacia	26

B. Usos do monte veciñal por terceir@s

1. Usos de carácter produtivo	27
2. Usos de carácter social	29

C. Monte veciñal multifuncional e sustentábel

1. O monte veciñal de futuro	32
2. Xestión comunitaria dos recursos	32
3. Certificación FSC e PEFC	33
4. Selo galego de certificación de produtos do monte	34
5. Política conservacionista – figuras de protección	34
6. Compensación ao servizo socio-medioambiental	35
7. A política de montes axeitada	36



1 **A) INTERESES ECONÓMICOS ALLEOS A VECIÑANZA COMUNEIRA**

2 **A-1) MONOCULTIVO FORESTAL**

3 Os intereses económicos alleos a veciñanza comuneira, representados
4 maiormente polas empresas madeireiras e as de servizos forestais, coa
5 complicidade do Partido Popular e co apoio das entidades relacionadas co
6 monte agás as entidades ecoloxistas, o sindicalismo agrario nacionalista e a
7 nosa organización, sempre tentaron impoñer un modelo de monte forestalista,
8 baseado só na extracción de materia prima e en réxime de monocultivo.
9 Fundaméntase, polo tanto, só na produción de especies de crecemento rápido
10 para suministrar a materia prima ás industrias pasteiras e enerxéticas.

11 A especie forestal fundamental, para este modelo, é o eucaliptus.
12 Contéplanse turnos de corta de 8-12 anos con 3 quendas de rebrote
13 aproveitables. O obxectivo é, básicamente, fornecer a industria pasteira que
14 temos no noso país.

15 Os cultivos enerxéticos son cultivos leñosos para obter a maior cantidade de
16 biomasa por superficie e tempo coa finalidade de queimala e producir enerxía.
17 Xa que logo, eucaliptos, chopos e paulonias, con quendas de corta de 4-5
18 anos, encaixan neste perfil. Incluso o piñeiro, con turnos de 8-10 anos, pode ter
19 un rendemento aceptábel para a obtención de enerxía.

20 O goberno da Xunta de Galiza ven apoiando sistemáticamente este modelo
21 produtivo coas diferentes leis que ten aprobado en solitario no parlamento
22 galego. Recentemente, coa Lei de fomento de implantación de iniciativas
23 empresariais, comunmente coñecida como a Lei de Depredación de Galiza:
24 facilítase a tramitación para por a venda a madeira de eucalipto e dos cultivos
25 enerxéticos (eliminando a solicitude de autorización de corta á Consellaría do
26 Medio Rural a unha mera declaración responsábel do titular); permite que as
27 empresas forestais fagan a xestión en nome dos titulares dos montes podendo,
28 deste xeito, a industria da madeira e forestal ter a capacidade de colocar no
29 mercado a madeira cando as circunstancias mercantís séxanlle favorábeis. E
30 decir, un control do mercado coa conseguinte baixada de prezos da madeira.

31 **A-2) MEGAMINERÍA**

32
33 A megaminería é unha actividade de extracción mineira de grande tamaño,
34 extremadamente agresiva medioambientalmente e que non xera riqueza nin
35 valor engadido no territorio.

36 A Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais afecta, de forma
37 directa, ámbitos estratéxicos do país modificando á vez a lei da minaría, a
38 eólica, , e, por suposto, a Lei de montes. Simplifica a normativa, facilita o



1 tributo e permíte a usurpación da terra ás grandes empresas mineiras,
2 eléctricas ou forestais. Xa que logo, é unha nova forma de intento de
3 usurpación e privatización dos montes veciñais en man común.

4 Elimina a capacidade de decisión da veciñanza comuneira con procesos de
5 expropiación forzosa e acaparamento de terras en favor das empresas
6 mediante figuras como a de utilidade pública ou os proxectos de especial
7 interese, baseándose na prevalencia do aproveitamento industrial do monte
8 fronte aos usos tradicionais e comunitarios.

9 Convértese tamén nunha ameaza directa ao patrimonio cultural e
10 medioambiental facilitando o espolio dos recursos naturais sen beneficio algún
11 para o territorio nin para as persoas o que destrúe a posibilidade dun medio
12 rural vivo.

13 **A-3) MODELO DEPRADOR**

14 Este modelo produtivo é só extractivo. O noso país é usado só para extraer os
15 recursos sen posibilidade de xerar riqueza, traballo, plusvalías e valor engadido
16 coas diversas e sucesivas transformacións do recurso extraído. Este valor
17 engadido vaise para os centros económicos e das decisións políticas, na maior
18 parte dos casos para a capital do Estado.

19 Estamos, xa que logo, ante un modelo produtivo para Galiza que non pecha o
20 ciclo produtivo e que é medioambientalmente agresivo xa que unha vez
21 esquilados os recursos prodúcese a degradación e o abandono das terras
22 con graves consecuencias para o país como o despoboamento do rural, terra
23 de peor calidade e lumes forestais.

24 Para afondar máis neste modelo produtivo colonial crease, en agosto do ano
25 2016, a chamada Axencia Galega da Industria Forestal como ferramenta
26 executiva do goberno da Xunta de Galiza. Xa que logo, é considerada como
27 interlocutor cualificado na elaboración dos instrumentos de planificación,
28 ordenación e mellora dos aproveitamentos dos recursos forestais; Ao mesmo
29 tempo é a encargada de conceder e xestionar todas as axudas relacionadas
30 coa posta en valor dos montes veciñais. Baleiran de contido e orzamento á
31 Consellaría do Medio Rural limitándoa a ter competencia só na prevención e
32 loita contra os lumes forestais.

33 Fica, xa que logo, nas mans da industria forestal e da madeira o deseño do
34 futuro monte galego. Non somentes disporán das ferramentas de planificación
35 e ordenación dos montes, senon tamén das partidas orzamentarias para a
36 posta en valor dos montes veciñais. Violan a capacidade de decisión da
37 veciñanza comuneira na posta en valor dos montes en base ao que decida a
38 industria da madeira e forestal.



1 Nesta dirección hai que situar a modificación da lei de montes veciñais levada
2 adiante coa aprobación da lei de Acompañamentos aos orzamentos xerais da
3 Xunta de Galiza deste ano. Xa que logo, pódese usurpar a xestión dun monte
4 veciñal á veciñanza comuneira si decisións técnicas alleas entenden que non
5 se está sacándolle o rendemento forestal máximo ao monte veciñal. Ou sexa,
6 un monte ordenado cun 25% destiñado a patrimonio, un 25% a pastos e un
7 50% a produción madeireira pode ser usurpado si os informes técnicos avalan
8 que se lle podería sacar ao aproveitamento forestal máis dese 50% acordado
9 pola comunidade de montes.

10 Dentro desta constante loita contra este modelo depredador, as comunidades
11 de montes veciñais en man común, debemos comezar a explorar a figura de
12 “espazo privado de interese natural” contemplada na lei de conservación da
13 natureza. Nesta figura, o plano de xestión elaborao o propio interesado ou
14 sexa, a comunidade de montes. Polo tanto, e en teoría, o monte veciñal estaría
15 máis protexido aínda tendo presente que dito plano de xestión ten que ser
16 aprobado pola Xunta de Galiza e que as derradeiras lexislacións aprobadas
17 priorizan os intereses das empresas privadas e castigan os da veciñanza
18 comuneira.

19 **A-4) LUMES FORESTAIS**

20 Para a industria da madeira e forestal non e suficiente dispoñer das ferramentas
21 de planificación e dos cartos para impoñer o seu modelo de monte, ademais
22 pretende facelo eliminado a participación social e a dos propietarios@s. Así, o
23 Consello Reitor da Axencia Galega da Industria Forestal está formado por 11
24 representantes da Administración (10 da Administración Autonómica e 1 da
25 Administración Local) Non se contempla nin representación social (centrais
26 sindicais, dos sindicatos agrarios, de entidades ecoloxistas, colexios
27 profesionais...), nin representación dos titulares dos montes cando éstos, entre
28 particulares e veciñais, supoñen o 96% da superficie do monte galego.

29 A política da Xunta de Galiza apoiando o monocultivo forestal, os cultivos
30 enerxéticos, a megaminería e outorgándolle o poder á Axencia Galega da
31 Industria Forestal para levar a cabo un modelo produtivo colonial para Galiza
32 dificulta e vai na contra da posibilidade de acadar un monte multifuncional e
33 sustentábel facilitando pois, que os lumes lumes forestais sigan sendo un
34 problema estrutural impedindo unha solución efectiva e real.

35 Nos derradeiros anos e, de forma notoria no 2017, as comunidades de montes
36 atopámonos cun novo problema: os coñecidos como “lumes 2.0” ou “lumes de
37 nova xeración”. Estes lumes forestais non deixan de ser os lumes de sempre
38 pero con novas características:



- 1 - Desestacionalización. O evidente cambio climático fai posíbel que na
2 primavera ou no outono prodúzanse lumes máis agresivos incluso que no
3 verán. Xa que logo, os medios de extinción deben abarcar máis aló dos 2
4 meses de verán como fai a Xunta de Galiza.
- 5 - Inicio en propiedades privadas. A grande maioría dos lumes comeza en
6 propiedades privadas non xestionadas que fan de unión entre as vilas e o
7 monte. A única solución por parte do goberno galego é que haxa denuncias
8 aos propietari@s desas propiedades para que as manteñan limpas.
- 9 - Alarma social. Pola situación destas propiedades privadas os lumes ameazan
10 de xeito directo e real as vivendas, inmobles e as vidas dos veciñ@s.

11 Este tipo de lumes xeran unhas graves consecuencias para as persoas pero
12 tamén para as comunidades de montes en man común. Xa que logo, a
13 escaseza de medios de extinción combinado coa alarma social provoca que se
14 focalize todo o escaso operativo antiincendios no salvamento e protección das
15 persoas e os inmóbeis deixando sin protección algunha ao monte que é para
16 donde deixan avanzar o lume sen control ardendo centos de hectáreas de
17 monte veciñal. É completamente lóxico que se antepoñan a protección e
18 salvamento das persoas ante o monte veciñal, máis o problema non é este. Isto
19 é unha consecuencia máis da nula política de montes do goberno galego o
20 verdareiro problema é político i estrutural:

- 21 - A falla de medios de extinción dos lumes forestais.
- 22 - Corpos administrativos como Protección Civil e GES non formados nin
23 profesionalizados e mesmo os bombeiros que non se lles permite actuar en
24 superficie non urbana.
- 25 - Unha política de montes propicia ao abandono do rural e das propiedades
26 privadas.
- 27 - Unha política de ámbito local baseada en denuncias entre propios veciños e
28 cunha demora burocrática de 3-6 meses desde que se efectúa a denuncia.

29 Os lumes forestais son unha catástrofe social intencionada na que, non só arde
30 monte, arde o territorio (monte, cultivos, gando, biodiversidade, paixase ...). As
31 principais causas son estruturais. Xa que logo, as medidas para combatelos
32 teran que ir dirixidas á eliminación desas causas cun modelo de monte
33 multifuncional e sustentábel donde os titulares se impliquen na súa posta en
34 valor e a administración destine a maior parte dos orzamentos, en tempo e
35 forma, á política de prevención (limpeza, arranxo de pistas forestais e puntos
36 de auga...) e unha política de extinción máis eficaz e profesional sendo un
37 servizo público.



1 **A-5) EUCALIPTO: ¿ERRADICACIÓN OU ORDENACIÓN?**

2 A problemática do eucalipto non se dá, principalmente pola especie en sí
3 mesma, senón pola falla de xestión e o aumento descontrolado e desordenado
4 das masas de eucaliptos no noso país. A propia Dirección Xeral de Planificación
5 e Ordenación Forestal recoñece e valorao como algo negativo xa que, as
6 cifras da superficie ocupada con respecto ao que estaba planificado no vixente
7 plano forestal de Galiza, medrou preto de medio millón de hectáreas.

8 A alternativa ás masas de eucaliptos pasaría por decretar unha moratoria para
9 este tipo de especie forestal non permitindo súa plantación de en ningunha
10 parte do territorio galego. Neste periodo de tempo habería que reordenar as
11 masas de eucaliptus eliminando esta especie forestal das zonas de rede natura
12 e doutras figuras de protección medioambiental, das terras agrícolas e agrarias
13 e de vocación gandeira, nas masas mixtas de bosque autóctono e,
14 paralelamente, levar a cabo un profundo estudo das distancias do eucalipto con
15 outras especies forestais, con plantacións agrícolas, cos aproveitamentos
16 hídricos, coas vivendas... enfocando estas medidas como prevención na loita
17 contra os lumes forestais.

18 Rematada a moratoria e só naquelas terras onde sexan susceptíbeis as
19 plantacións de eucaliptus esta especie forestal ten que ser xestionada e
20 ordenada: marcos de plantacións a 4x4, traballos de silvicultura (sobre todo
21 clareos), rotura das masas boscosas continuadas, adicar unha porcentaxe da
22 superficie a produción de madeira de calidade cun uso industrial de 2ª e 3ª
23 transformación xerando valor engadido.

24 **A-6) ACACIA**

25 Tanto a acacia negra ou falsa acacia como a mimosa son un problema grave
26 para os nosos montes porque é unha especie alóctona, sin froito aproveitable e
27 sen óptimo rendemento madeirable.

28 É unha especie de rápida colonización especialmente tras os incendios xa que
29 a súa semente é moi resistente e nace moi rápido. Outra característica é o seu
30 rápido crecemento polo que exténdese de forma indiscriminada invadindo o
31 espazo da nosa vexetación autóctona evitando o seu crecemento. Esta
32 expansión está afectando de forma moi grave en zonas de concas de ríos e
33 regatos.

34 Pero o realmente problemático para as comunidades de montes veciñais en
35 man común é a extrema dificultade para a súa erradicación. Segundo algunhas
36 experiencias, precísanse uns 5 anos de tratamentos e reforestación co
37 conseguinte alto custe económico que isto significa.

38 A política de subvencións da Xunta de Galiza non cubre a eliminación desta
39 especie algo que, xunto coas políticas axeitadas, incentivaría a erradicación e
40 cambio de especie nas zonas invadidas pola acacia.



1 B) USOS DO MONTE VECIÑAL POR TERCEIR@S

2 B-1) USOS DE CARÁCTER PRODUTIVO

3 Os diversos usos que se dan ou se poden dar nos montes veciñais en mán
4 común deben definirse como aproveitamentos do monte, entendendo como
5 aproveitamentos do monte todos aqueles usos diversos que se dan ou poden
6 darse na superficie de monte veciñal (forestal, agrogandeiro, agrícola,
7 enerxético, social, patrimonial, deportivo,...). Polo tanto, non poden definirse
8 como aproveitamentos forestais xa que, o aproveitamento forestal só é un tipo
9 de uso dos aproveitamentos do monte.

10 Calquera aproveitamento que se dé nas terras das comunidades de montes ten
11 que ser permitido e acordado nas asembleas xerais. Xa que logo, os usos de
12 carácter produtivo por terceiros nos montes veciñais en mán común son outra
13 decisión máis a tomar pola da veciñanza comuneira e están regulamentados
14 por documentos contractuais (cesións, alugueres, arrendamentos...). Mesmo
15 están regulamentados por lei os usos individuais da veciñanza comuneira na
16 superficie do seu monte veciñal. Entendemos que este tipo de
17 aproveitamentos, sin ser o obxectivo ideal, deben ser defendidos si xeran, para
18 a veciñanza comuneira, beneficios ambientais e/ou culturais e/ou son o soporte
19 económico para o obxectivo dun monte multifuncional e sustentábel.

20 Cuestión distinta son tanto os megaproxectos extremadamente agresivos co
21 medio (megaminería, campos de golf,...) e os aproveitamentos madeireiros.
22 Para estes últimos, dada a presión que está exercendo a industria forestal e da
23 madeira para impoñer unicamente o seu modelo de monte, non deberían ser
24 autorizados mediante documento contractual e tampouco, por razóns de
25 posíbeis conflitos de propiedade e o prologado tempo de cesión (tempo de
26 corta da espeice forestal) deberían ser autorizados os aproveitamentos
27 madeireiros individuais.

28 O mellor xeito de aproveitamento dos recursos dos montes veciñais en xeral e
29 do aproveitamento forestal en particular, é a través da xestión comunitaria.

30 B-1-1) GANDO

31 O acordo e autorización das asembleas xerais das comunidades de montes
32 para permitir o aproveitamento gandeiro debe implicar que nos planos de
33 ordenación dos montes contémplese este tipo de aproveitamento como parte
34 do modelo de xestión dun monte veciñal multifuncional. Débese controlar a
35 carga gandeira en beneficio dos gandeir@s, da cuberta vexetal e da comida
36 dos animais. Este aproveitamento do monte veciñal é unha peza mais para
37 acadar un monte veciñal multitucional e é unha ferramenta eficaz na
38 prevención dos lumes forestais polo control do crecemento do mato.



1 Dentro do aproveitamento gandeiro nos montes veciñais enmán común
2 adquire grande relevancia o gando que pasta ceibo (fundamentalmente
3 cabalos). A autorización do pasto do gando ceibo nos montes veciñais
4 axudaría a que este aproveitamento poida ser un medio de vida, ou cando
5 menos un complemento económico para un sector da economía galega. Ao
6 mesmo tempo que tamén permitiría a posibilidade de potenciar ou recuperar as
7 razas autóctonas galegas.

8 O gando que pasta ceibo nos montes veciñais ten que estar identificado cun
9 método eficaz e que non atente contra o benestar do animal. A identificación do
10 gando é fundamental para un control sanitario efectivo dos animais e para que
11 @s propietarios@s fáganse responsábeis dos danos que os animais poidan
12 causar (accidentes, destrucións de plantacións e cultivos).

13 O gando que non esté identificado e/ou autorizado debe ser retirado dos
14 montes veciñais por persoal cualificado da Consellaría do Medio Rural e as
15 comunidades de montes debemos facilitar lugares onde poidan ser retidos os
16 animais en condicións óptimas ate que non se lle dea a alternativa precisa. A
17 actual Lei obriga aos concellos a retirar este gando non identificado cando non
18 dispoñen nin de medios nin de persoal para facelo.

19 O pasto do gando ceibo nos montes veciñais enmán común deberían levarse
20 adiante mediante convenios de colaboración entre as comunidades de montes
21 e os gandeir@s ou as súas agrupacións, tendo presente:

22 O pastoreo no monte requirirá autorización na que deberase incluír un Plan de
23 Aproveitamento Silvopastoril, redactado por un técnico competente en materia
24 agroforestal, onde incluírase como mínimo, a localización coas referencias
25 catastrais, e a extensión da zona adicada a pastoreo, carga gandeira admisible,
26 período de duración, actuacións planificadas, responsables dos
27 aproveitamentos e características do gando. Este Plan deberá ser aprobado na
28 Asemblea da comunidade e inscribírase no Rexistro de Terreos Forestais de
29 Pastoreo.

30 Ademáis solicitarase a inscrición no Rexistro Público de Terreos Forestais de
31 Pastoreo, acompañada de documentación acreditativa do dereito de
32 propiedade sobre o monte ou terreo forestal e titularidade do dereito de
33 aproveitamento de pastos, constancia do acordo da asemblea xeral por medio
34 de copia de acta ou certificado do secretario e o Plan de Aproveitamento
35 Silvopastoril.

36 Plantéxase pois, un modelo de aproveitamento do monte de uso silvopastoril,
37 beneficioso social e medioambientalmente que é fundamental se queremos
38 acadar un medio rural vivo.

39 B-1-2) APROVEITAMENTO SILVOPASTORIL

40 O aproveitamento silvopastoril nos montes galegos dáse mediante dúas
41 formas: pasto arbustivo e pasto baixo arbolado. Ámbalas modalidades, xunto



1 cos pasteiros, até fai uns anos, eran considerados na Unión Europea como
2 admisíbeis para ser beneficiarios das axudas dos Fondos Europeos para o
3 Desenvolvemento Rural (FEDER). O Partido Popular de Galicia, funcionando
4 como un partido andaluz ou extremeño, consentiu que a Unión Europea
5 definise como pasto arbustivo aquela superficie de monte donde haxa gando e
6 conte cun máximo de 100 árbores/hectárea, deixando fóra ao monte galego en
7 favor doutros montes do Estado Español. Esta cuestión, xunto coa clasificación
8 de monte como terreo forestal, vai facer que nos vindeiros anos as
9 comunidades de montes e os gandeir@s deixarán de recibir axudas da Unión
10 Europea pola actividade gandeira.

11 O aproveitamento silvopastoril nos montes veciñais enmán común é un
12 aproveitamento acaído e beneficioso tanto para as comunidades de montes
13 como para os gandeir@s a título individual. Mais para que cumpla a súa
14 función é preciso a modificación de certas normativas: A da obriga de cercar os
15 aproveitamentos gandeiros e a da prohibición por prazo de 1 ano do pastoreo
16 nos montes veciñais enmán común que padeceran un lume forestal, aínda que
17 o lume só afectara a unha superficie do monte destiñado a pasto.
18 Mais este ten que ser un debate coa participación da Administración e as
19 organizacións dos sectores implicados donde, dun modo sosegado e fuxindo
20 do castigo e prexuízo da culpabilidade dos gandeir@s, debería terse en conta
21 cuestións como: culpabilidade do causante do lume, prohibir o pastoreo
22 somentes na zona queimada cercando a mesma, asegurar a recuperación da
23 capa vexetal queimada, evitar a erosión ...

24 **B-2) USOS DE CARÁCTER SOCIAL**

25 As comunidades de montes defendemos que os montes veciñais enmán
26 común son espazos abertos (para todas as persoas, sexan comuneir@s ou
27 non) cun uso social que beneficia a sociedade no seu conxunto, polo tanto, ten
28 que ser a Consellaría do Medio Rural a responsábel de que este uso do monte
29 veciñal lévese adiante nas condicións adecuadas e velando porque este uso
30 non supoña nin desfeitas nos diversos recursos do monte, nin agresións de tipo
31 medioambiental, nin responsabilidades civís e penais para as comunidades de
32 montes.

33 Os usos de carácter social, como todos os usos e actividades que se levan
34 adiante nos montes veciñais enmán común, teñen que ser autorizados polas
35 comunidades de montes.

36 Nas diversas funcións sociais podemos distinguir entre as que podíamos
37 denominar funcións sociais de usos tradicionais (áreas de lecer, rotas de
38 sendeirismo, festas populares, visitas ao patrimonio cultural, medioambiental e
39 patrimonial) e funcións sociais de novos usos (os denominados deportes
40 de aventura, extremos ou de riscos, motocros, montañismo, ciclismo de
41 montaña, quads, escalada en rocha.....)



1 Os usos sociais tradicionais non plantexan ningún problema. Os riscos de
2 accidentes son mínimos, non son agresivos co medio e son usos aprobados
3 polas asembleas xerais das comunidades de montes.

4 B-2-1) NOVOS USOS SOCIAIS.

5 Os denominados deportes de aventura, extremos ou de riscos, motocros,
6 montañismo, ciclismo de montaña, quads, escalada en rocha... son novos usos
7 que plantexan graves problemas para as comunidades de montes xa que, son
8 agresivos co medio e os riscos de accidentes ou percances son elevados
9 recaendo nas comunidades de montes a responsabilidade civil subsidiaria
10 dos accidentes ou percances que poidan ocorrer nas súas terras. Isto pode
11 conlevar sancións elevadas para as comunidades de montes poñendo en
12 perigo a sustentabilidade económica das mesmas e, incluso,
13 responsabilidades penais para os membros das xuntas reitoras das
14 comunidades de montes.

15 Xa que logo, no caso dos deportes de aventura, extremos ou de risco, ademáis
16 terían que contar con unha licenza expedida pola Consellaría do Medio Rural
17 que levaría implícita a cobertura dun seguro de responsabilidade civil
18 subsidiaria que cubra os percances e accidentes que poideran acontecer por
19 motivos desta práctica.

20 Nestes novos usos sociais danse tres situacións :

21 **Práctica en circuito.** Non hai ningún problema xa que require que ese uso
22 este contemplado no plano de ordenación do monte e que estea xestionado
23 mediante un convenio.

24 **Práctica solicitada por clubs ou asociacións.** Tampouco hai problema xa
25 que realízanse mediante unha autorización previa da xunta reitora da
26 comunidade de montes o que conleva que os organizadores teñan que
27 presentar un seguro de responsabilidade civil subsidiaria e asuman as
28 condicións do uso que se lle plantexe liberando as comunidades de montes de
29 toda responsabilidade.

30 **Práctica sen solicitude e de forma arbitraria.** Este tipo de usuari@s non
31 respectan nin a Lei nin a veciñanza comuneira invadindo ilegalmente a
32 titularidade comunitaria. Sorprendentemente, a Consellería do Medio Rural
33 que, por lei ten que impedir esta ocupación ilegal, ten unha actitude totalmente
34 pasiva que convérteos en cómplices.

35 Faise urxente e necesario a modificación da lei de montes de Galiza no sentido
36 de que fique claro que @s usuari@s deste tipo de actividades que non teñan
37 autorización da comunidade de montes e que non conten con esa licenza
38 administrativa, son os únicos responsábeis das consecuencias que poidan
39 derivarse das ditas actividades ao igual que deberían ser sancionadas
40 administrativamente pola súa práctica ilegal. E namentres, e para evitar
41 consecuencias negativas, as comunidades de montes deberían proceder a



1 colocar carteis indicando que todo tipo de actividades que se dean no monte
2 veciñal teñen que contar coa autorización da comunidade de montes. Así
3 como, ao principio de ano, enviar unha comunicación, tanto as Comandancias
4 da garda civil como as Delegacións territoriais da Consellería do Medio Rural,
5 expoñendo que no seu monte veciñal estanse facendo esas actividades sen
6 autorización.

7 B-2-2) USO POLOS CONCELLOS

8 O uso social das terras comunitarias por parte dos concellos en réxime de
9 cesión é unha práctica extendida por todo o país (campos de fútbol, pavillóns,
10 circuitos, áreas de lecer,...) Pero, recentemente, estase a producir un interese
11 dos concellos pola creación de parques forestais, sobre todo no que se
12 denominan montes veciñais periurbanos. A idea é positiva pero hai dous
13 elementos que temos que ter en conta as comunidades de montes:

14 O primeiro é que o concello esixe unha cesión de uso por un periodo de 30
15 anos.

16 O segundo é a senteza da desclasificación como veciñal do monte de A
17 Lanzada alegando que nese monte veciñal dábase un uso social e público pero
18 non veciñal.

19 Polo tanto, a cesión que fagan as comunidades de montes para a creación
20 destes parques forestais debería constar como condición innegociábel que a
21 xestión dos parques forestais teñan que facerse mediante un órgano xestor
22 paritario (concello-comunidade de montes). Deste xeito, no futuro, ninguén
23 poderá alegar que a comunidade de montes desentendeuse desa superficie de
24 monte veciñal.



1 C) MONTE VECIÑAL MULTIFUNCIONAL E SUSTENTÁBEL

2 C-1) O MONTE VECIÑAL DE FUTURO

3 O monte veciñal de futuro pasa por acadar un monte veciñal multifuncional e
4 sustentábel.

5 **Monte veciñal multifuncional:** e decir, onde se poñan en valor os diversos
6 usos das diversas funcións que teñen que cumprir os montes de xeito
7 interrelacionados e compatíbeis (forestal, agrogandeiro, biomasa forestal,
8 froitos do bosque, turismo rural, restos patrimoniais, deportes,.....). Os usos
9 básicos para a posta en valor concreto deben basearse nas características
10 morfolóxicas do monte, a situación xeográfica e humana da zona de influencia
11 do monte, a vocación histórica do mesmo e, sobre todo, na decisión
12 democrática tomada pola veciñanza comuneira en asemblea xeral.

13 **Monte veciñal sustentábel:** a multifuncionalidade ten que ir xunguida á
14 sustentabilidade en todos os aspectos:

15 - Sustentabilidade física: Non esquilmar os recursos do monte garantíndoos no
16 tempo e en base a unha racionalización económica.

17 - Sustentabilidade humana: Os principais beneficiarios da posta en valor dos
18 montes veciñais enmán común serán a veciñanza comuneira e as poboacións
19 que viven na zona de influencia do monte veciñal.

20 O monte veciñal enmán común multifuncional e sustentábel asenta poboación
21 e pon os alicerces para acadar un medio rural vivo que é imprescindible para o
22 futuro dos galeg@s e dos montes veciñais enmán común.

23 C-2) XESTIÓN COMUNITARIA DOS RECURSOS

24 Nun monte veciñal multifuncional e sustentábel a posta en valor dos seus
25 recursos pódese e débese, na medida do posíbel, levar adiante mediante a
26 xestión comunitaria dos mesmos.

27 Amais de ser tan eficaz como a explotación capitalista é sustentábel social e
28 medioambientalmente. Entende o traballo como dereito social posibilitando,
29 deste xeito, e sempre tendo en conta a formación e capacidade profesional, a
30 contratación de colectivos desfavorecidos (mocidade, muller, persoas con
31 discapacidade, maiores de 45 anos...) Pode ofrecer un futuro laboral e
32 profesionalización d@s traballador@s, fixar poboación e xerar riqueza na
33 parroquia.

34 Pode realizarse mediante a contratación directa polas comunidades de montes
35 ou polas mancomunidades ou organizando fórmulas de traballo cooperativo
36 entre a veciñanza comuneira.



1 Diferentes estudos científicos sobre a xestión comunitaria dos recursos
2 demostran que, para que sexa eficaz, teñen que cumprir tres condicións: que o
3 recurso esté delimitado, que os que o aproveitan estén unidos por algún tipo de
4 vencello e que haxa normas que obriguen como levar adiante esa xestión. Fica
5 claro que existe un paralelismo cos montes veciñais enmán común xa que, o
6 monte veciñal está delimitado, os veciñ@s comuneir@s están vencellados polo
7 propio feito de que teñen que ser veciñ@s e os aproveitamentos do monte
8 veciñal están regulamentados polos Estatutos que, aprobados por maioría,
9 obrigan a tod@s.

10 **C-3) CERTIFICACIÓN FSC E PEFC**

11 Dende que se comeza a falar da certificación forestal en Europa hai dous selos
12 de certificación de carácter privado que loitaban por impoñer os seus criterios:
13 O PEFC sen practicamente cautela social e medioambiental e potenciado pola
14 industria forestal e da madeira.

15 O FSC potenciado por grupos ecoloxistas de carácter internacional e con
16 criterios sociais e medioambientais axeitados.

17 En Galiza, a Xunta de Galiza e todo o sector relacionado co monte apostou
18 polo selo de certificación PEFC agás a ORGACCMM que apoiamos ao FSC.

19 A loita por impoñerse nos mercados gañouna o selo de certificación forestal
20 FSC. Isto significou que as empresas madeireiras e forestais entrasen nos
21 órganos de xestión do selo de certificación FSC para controlalo e conseguiron
22 que o aparello empresarial teña excesivo poder de decisión.

23 Dende ese momento o FSC sofre cambios moi significativos nos seus criterios
24 e estándares fundamentais:

25 O eucalipto deixa ser considerado cultivo e especie invasora para ser aceptada
26 como plantación forestal.

27 A obriga de ter un mínimo de tres especies arbóreas diferentes modifícase por
28 tres subespecies permitindo, deste xeito, que un monte poida ter eucaliptus
29 globulus e eucaliptus nittens ocupando practicamente toda a superficie.

30 As empresas forestais e madeireiras son os que pagan aos empregados do
31 propio selo.

32 A día de hoxe, a ORGACCMM, está fóra do selo de certificación FSC xa que,
33 ámbolos dous selos de certificación forestal son meros salvoconductos para
34 que as empresas madeireiras e forestais poidan colocar os seus produtos nos
35 mercados internacionais. Xa que logo, calquera monte (particular ou veciñal)
36 que asine un convenio de xestión ou un simple contrato de compra-venda con
37 Ence, adquire, por un prezo asequíbel e ao momento, a certificación do seu
38 monte nos dous modelos de certificación forestal.



1 **C-4) SELO GALEGO DE CERTIFICACIÓN DE PRODUTOS DO MONTE**

2 A ORGACCMM apostou desde o comezo polo selo de certificación forestal
3 FSC, apoiándoo e potenciándoo coa creación do Grupo Galego de apoio ao
4 FSC ao que se sumaron sindicatos agrarios e entidades ecoloxistas galegas.

5 A ORGACCMM está fora do selo FSC porque se negaron a constituir un FSC-
6 Galiza e por negarse a adaptar os criterios e estándares ás características do
7 monte veciñal galego.

8 A ORGACCMM defende que débese e que é fundamental crear un selo de
9 certificación dos produtos do monte (non só forestal) galego e de carácter
10 público (aínda que sexa como unha opción mais). Os criterios para acadar esa
11 certificación serían o cumprimento anual do plano de ordenación da
12 correspondente superficie porque este instrumento de xestión é aprobado pola
13 asemblea xeral da comunidade de montes, realizado por personal técnico e
14 aprobado tamén pola Consellaría do Medio Rural.

15 **C-5) POLÍTICA CONSERVACIONISTA-FIGURAS DE PROTECCIÓN**

16 Por situación xeográfica e pola súa extensión, boa parte da Rede Natura e
17 doutras figuras de protección medioambiental atópanse en terras comunitarias.
18 Estas figuras medioambientais son moito máis que un conxunto de reservas
19 naturais. Trátase de persoas e natureza e de asegurar que a conservación e a
20 xestión sustentábel van da máan coa xeración de beneficio das poboacións
21 locais. Promoven a conservación da natureza conxuntamente coa obtención
22 de beneficios para a sociedade e para a economía en xeral. Non son, xa que
23 logo, un impedimento para o desenvolvemento económico. Ao contrario: ofrece
24 novas oportunidades para o desenvolvemento de actividades produtivas
25 tradicionais, actividades recreativas e turísticas.

26 A pesares destes principios positivos das figuras de protección medioambiental,
27 estas son unhas descoñecidas para a maioría da sociedade. Débese a que nas
28 poucas campañas de difusión que houbo nunca se buscou a participación dos
29 titulares das terras. Se damos un repaso por estas campañas de difusión
30 podemos ollar como soamente participaban membros e técnicos das diversas
31 administracións, consultores ambientais, organizacións non gubernamentais e
32 empresas.

33 En Galiza a implantación destas figuras de protección fixéronse sin sequera
34 informar aos titulares das terras da súa inclusión producíndose, de feito, unha
35 apropiación encuberta das mesmas. A súa posta en marcha levouse adiante
36 sen poñer en funcionamento os planos xestores dos mesmos onde participasen
37 todos os sectores implicados. Os usos permitidos ou prohibidos nestas
38 superficies dependen da interpretación do funcionari@ que dirixe a figura de
39 protección medioambiental. Xa que logo, non pode extrañarnos que as



1 populacións do medio rural (comuneir@s, gandeir@s, labreg@s, cazador@s)
2 teñan unha concepción negativa das figuras de protección medioambiental.
3 Esta concepción troca cando se lles propón o dereito a formar parte dos
4 órganos xestores ou a recibir compensacións cando sexan necesarias
5 hipotecas de certos usos.

6 As políticas conservacionistas teñen que ser compatíbeis coa
7 multifuncionalidade dos montes veciñais en común e co logro dun medio
8 rural vivo. Se soamente lévase adiante unha política conservacionista baseada
9 na non intervención e na xestión limitada dos montes o que estaríamos a
10 propiciar é máis abandono do medio rural e máis lumes forestais. Compre
11 buscar o equilibrio entre conservación do medio, posta en valor das terras de
12 xeito multifuncional e as dinámicas socio-económicas da zona de influencia do
13 monte. Por iso, a función medioambiental dos montes veciñais non pode ser
14 unha función departamental aillada. Ten que estar presente en cada un dos
15 diversos usos do monte veciñal.

16 **C-6) COMPENSACIÓN AO SERVIZO SOCIO-MEDIOAMBIENTAL**

17 O derradeiro Inventario Forestal Estatal cifra en case 600 millóns de euros
18 anuais o valor económico dos montes veciñais en común polo seu labor
19 social e medioambiental (provisión e depuración natural das augas das traídas
20 municipais, conservación da biodiversidade, control da erosión, servizos socio-
21 recreativos....) De non existir os montes veciñais en común, estes servizos
22 necesarios para a vida da humanidade, terían que ser sufragados polas
23 diversas administracións. E o mesmo podemos dicir do labor que fan moitas
24 comunidades de montes na conservación e mantemento dos restos
25 patrimoniais tanto arquelóxicos (petróglifos, mámoas, castros.....) como
26 etnográficos (muiños, sistemas de regadíos

27 Para realizar estas funcións socio-medioambientais as comunidades de
28 montes teñen que gastar cartos xa que, un monte veciñal abandonado non
29 cumpre estas funcións. Xa que logo, as comunidades de montes, teñen que
30 contar con planos de ordenación, poñer en valor os seus montes veciñais de
31 xeito multifuncional e sustentábel, facer traballos de silvicultura, manter equipos
32 de loita contra os lumes,..... Semella pois, que é de xustiza, que as
33 comunidades de montes veciñais en común esixamos compensacións por
34 estas funcións que benefician a sociedade no seu conxunto pero que son
35 pagadas polos titulares das terras.

36 As árbores contribúen a mellorar o medioambiente absorbindo monóxido de
37 carbono da contaminación do ar e aportando osíxeno. Neste proceso, as
38 árbores fixan carbono que se transforma logo nunha parte importante da futura
39 madeira. A cantidade de CO₂ que captura o monte veciñal galego pode
40 situarse en 15 millóns de toneladas e esta absorción de carbono ten un prezo
41 fluctuante que no ano 2017 cifrouse en 6'5 euros/tn. Xa que logo, un valor



1 económico que xeran os montes veciñais en man común para beneficio da
2 sociedade no seu conxunto.
3 No ano 2014, o Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente do goberno central,
4 creou un Rexistro de pegada de carbono. Neste Rexistro as empresas
5 contaminantes poden comprar cotas compensatorias de captura de carbono
6 aos titulares que a xeran. Dende a ORGACCMM entendemos que a mellor
7 medida sería que as empresas non contaminasen, pero como isto non
8 acontece, debemos reivindicar que o cobro e esas cotas compensatorias as
9 reciban os titulares das terras que absorben CO₂. Así como, reclamar que o
10 Rexistro de pegada de carbono que corresponda ao territorio galego pase a ser
11 xestionado dende Galiza.

12 A política para o monte veciñal enmán común ten que contemplar tamén
13 medidas compensatorias por estas funcións sociais e medioambientais das que
14 se beneficia toda a sociedade. Compensacións entendidas como unha
15 redistribución dos custes sociais e medioambientais que benefician a
16 sociedade no seu conxunto. Estas xustas compensacións que deben recibir as
17 comunidades de montes deben ser finalistas para investir no incremento da
18 superficie de frondosas primando a biodiversidade, na posta en valor dos
19 montes veciñais de xeito multifuncional e sustentábel, en proxectos
20 dinamizadores do medio rural e, nos casos de zonas de alta montaña ou con
21 problemas de despoboación, no incremento das rendas persoais para fixar
22 poboación.


23 **C-7) A POLÍTICA DE MONTES AXEITADA**

24 A día de hoxe hai un número importante (e crecente) de comunidades de
25 montes veciñais enmán común que están no camiño de acadar un monte
26 veciñal multifuncional e sustentábel. A chave fundamental é a implicación da
27 veciñanza comuneira na posta en valor dos usos do monte. Todo isto estase a
28 conseguir incluso coas múltiples trabas dos poderes gubernamentais da Xunta
29 de Galiza. Un dos obxectivos da ORGACCMM é tentar trasladar ao máximo
30 número de comunidades de montes (en Galiza hai unhas 3.000 comunidades
31 de montes veciñais) que éste é o camiño para o ben común.

32 A política axeitada para os montes veciñais enmán común pasa por dous
33 parámetros:

34 **Política axeitada ás funcións que cumpren:** funcións sociais,
35 medioambientais, patrimoniais ...

36 **Política axeitada á súa figura:** que se recoñeza a titularidade comunitaria
37 como distinta das titularidades públicas e privadas permitindo que os seus
38 lexítimos titulares, a veciñanza comuneira, sexa a protagonista da posta en
39 valor das súas terras comunitarias baseada nunha fiscalidade galega e xusta
40 que fomente a xestión democrática das comunidades de montes, posibilitando
41 o logro dun monte veciñal multifuncional e sustentábel.



ANEXOS



ORIXE DOS MONTES VECIÑAIS

Comunidade de montes veciñais en man común de Noalla (Sanxenxo)

A comunal é a forma de propiedade que primeiro se presenta na historia dos pobos e delas consérvanse en España algunhas supervivencias, sendo sen dúbida, a máis interesante a xermánica, que vivifica as formas da propiedade celtibérica permanecendo os usos e formas a través dos tempos. Os montes veciñais en man común son das poucas formas de propiedade de terras en man común (comunidade xermánica) que lograron sobrevivir a organización municipal do século XIX.

Dende a Idade Media existen terras que son asiñadas para o aproveitamento daquelas familias que se asentan nunha determinada zona co obxecto de repoboar zonas próximas as fronteiras e outras consideradas estratéxicas en futuras accións de guerra ou conquista. A propiedade do monte pertence, en réxime de comunidade xermánica ou en mán común, ao común dos veciños.

A partir do século XIII négaselles a estas agrupacións sociais personalidade xurídica e, para evitar que fora suplantada súa titularidade sobre o monte por outra entidade que viu ocupar seu posto, tiveron que ampararse nunha institución de procedencia romana “o censo efiteutico”, que por derivación, puido chegar ao foro. A finais do século XV as terras están divididas entre os señores feudais e a igrexa. Existía un veciño “cabeceiro” que se encargaba de recaudar as fraccións de renda para entregárllelas ao dono do dominio directo: o nobre ou o abade.

Os montes continuaron así até mediados do século XIX no que víronse afectados polas leis desamortizadoras, en virtude das cales, son enaxenábeis polo Estado todos os bens considerados “manos muertas”. Os montes aproveitados polos veciños son exceptuados das vendas trala instrucción do oportuno expediente. Tal e como se contempla na lei de 1 de Maio de 1855 e no real decreto de 16 de Febreiro de 1859.

Ao longo dos anos vai aumentando o confucionismo entre veciñais e comunais e, a partir do ano 1943 cos inicios de repoboación forestal, prodúcese unha auténtica confiscación e o Estado trata as deputacións e aos concellos como auténticos propietarios do monte e, en definitiva, dos beneficios, aínda que non eran os propietarios, conseguindo así que o veciño titular (e en definitiva a parroquia) foron apartados do monte. O que provoca que o veciño sítase “explotado” do que era súa propiedade.

A lei de montes do 1957 adica a este tipo de propiedade en Galicia, León e algunhas zonas da cornisa cantábrica un artigo no que se lle dá unha forte vinculación administrativa. O regulamento de 1962, a compilación foral galega acrecentan a intervención tutelar e administrativa do concello e da administración forestal sobre este tipo de bens. Por parte súa, a lei de montes do ano 1968, xa dispuña a devolución dos montes aos veciños e, sen embargo, tal feito non se produce, en moitos casos, até a década dos oitenta.



A lei de montes veciñais en man común do ano 1980, na súa disposición final III, recolle, con bo tino, a traxectoria que poideron seguir a inmensa maioría dos montes dos veciños de Galicia. Tanto a lei 13/1989 como o regulamento 260/1992 de montes veciñais en man común, adaptan a lexislación estatal (lei 55/1980) á realidade galega.

A PROBLEMÁTICA DOS DESLINDES ENTRE COMUNIDADES DE MONTES Comunidade de montes veciñais en man común de Campañó (Pontevedra)

Un dos problemas máis importantes que temos as comunidades de montes é o dos deslindes entre as propias comunidades de montes, o cal produce non poucas dores de cabeza as xuntas reitoras e uns gastos que soen ser moi importantes aos comuneiros, sobor de todo cando os litixios rematan nos tribunais superiores de xustiza. Fagamos un pouco de historia para situarnos e comprender o porqué de esta problemática.

Como ben é sabido por todos, os nosos montes veciñais foron pasando de xeración en xeración, de boca en boca, tanto súa propiedade como os seus lindes. Que puido pasar logo para que de pronto, unha vez que chega a Lei 55/1980 que nos dá o primeiro documento de propiedade por escrito (aínda que xa hai documentos que recoñecen o monte como tal, como as visitas reais ou o catastro de Ensenada, etc...), de repente unha gran parte das comunidades de montes atópanse con esta cuestión ás veces parece que insalvabel? Pois analicemos as razóns e a ver se sacamos algo en limpo:

1- Até a chegada da ditadura os montes do común tiñan ben definidos os seus límites. O propio veciño comuneiro coñecía ben cal era o terreo do monte, aínda que como en todo, con algunhas discrepancias. Unha vez chega a ditadura e “expropia” pasan a propiedade municipal, creando un desarraigo dos veciños co propio monte, sobre todo nas zonas onde se fai a repoboación forestal pois quen se fai cargo deles é a administración pública. Con isto créase un paréntese de corenta anos, suficientes para que os montes pasen de ser algo propio a ser da “forestal”, creando en moitísimos casos un desarraigo sobre este ben común que acabaremos pagando mais adiante, sobre todo pola perda de referencias que se instala en gran parte dos veciños que ven como se lles usurpa algo seu. A administración pública non ten interese nos posibles marcos de división entre parroquias, co cal abandónanse os marcos e noutros casos incluso destrúense ou cambianse de lugar. No caso que estes marcos coincidan cos deslindes municipais de 1889, cámbianse moitos deles no ano 1938, deixando unha herdanza de caos que remata na actualidade con non poucas comunidades de montes nos xulgados. Por outra banda, o abandono das terras e pobos sobre todo no interior vai provocar tamén o abandono dos montes en moitos casos. Outros problemas dos deslindes, os menos, veñen de vello.



2- Cando chega a democracia, chega con ela a legalización e devolución do monte aos seus lexítimos propietarios, pero o que puido ser unha oportunidade única de regularización das extremas das comunidades, posto que a meirande parte das persoas que poderían coñecer os límites estaban vivos, realmente o que se fixo foi complicar aínda mais en moitos casos o problema, pois os montes foron entregados a présa e correndo pola administración aos veciños como quen saca un ferro ardendo das mans, creándose tamén unha politización do monte común e deixando a administración do monte nas mans duns veciños que moitas veces nin sabían o que era o monte e en gran parte dos casos nin sabían se había marcos. Por outra banda, cando se expropian os montes, estes estaban mais para o pastoreo e para a recollida de toxo e leñas. Cando os reciben, recíbenos cheos de madeira, sen experiencia algunha na xestión. Reúnense comisións para marcar uns deslindes que moitas veces non coñecen, todo por mor da présa da administración de entregalos canto antes. Así, quedan moitos montes comúns en precaria até hoxe, e seguirán por moitos anos, aínda que se vai avanzando moi lentamente na resolución da cuestión.

3- A solución? Pode estar, primeiro, na boa vontade das partes, cousa que a día de hoxe non se reflicte na realidade posto que as veces existen intereses económicos que son moi difíciles de salvar. En segundo lugar, a documentación que moitas veces temos tanto nos concellos como nas casas rectorais soen ser aclaratorias. Os curas dividían súas parroquias con claridade meridiana (íalle nel o cobro dos impostos). Se os lindes coinciden cos municipais, hai que ter en conta que estes tamén seguen case sempre os deslindes antigos das parroquias. Neste caso, o deslinde de 1989 debería ser o vixente xa que unha sentenza do TSXG así o marca, posto que o do 1938 foi imposto pola ditadura. Tamén debemos revisar as visitas reais que se fixeron en varias ocasións, e as veces o Catastro do Marqués da Ensenada. Todo con tal de evitar os xulgados, que supoñen unha importante carga económica. Sempre será mellor chegar a un acordo con tal de saber onde temos que prantar as coles sen ter que pagar de mais por elas.

ORGANIZA:



*Organización Galega
de Comunidades de Montes
Veciñais en Man Común*